



“Eu son un home... un señor maior con sombreiro e bigote, que persiste na teima de vivir por e para unha das profesións máis absurdas do mundo e sen embargo a máis grandiosa.”

Roberto Vidal Bolaño



Rematei a miña posta en escena nesta vida o 11 de setembro de 2002.
Uns días despois, nomeáronme membro da Real Academia Galega.
Pasado o tempo, o Centro Dramático Galego convocou un premio ao espectador co meu nome para recoñecer a importancia do público no teatro,
“un teatro do presente co que sentirse identificado e ao que ter coma propio”.